

Como pecharon os concellos galegos os seus orzamentos no ano 2013?

O crecemento nos últimos anos propicia que o IBI supere por primeira vez a barreira dos 500 millóns de euros e se consolida xunto á participación nos ingresos do estado como principal liña de financiamento dos concellos.

Benestar comunitario, vivenda e urbanismo, e servizos sociais lideran as políticas de gasto dos concellos.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou os datos correspondentes á liquidación de Orzamentos dos concellos galegos no ano 2013.

Mención especial hai que facer, un ano máis, ao IBI urbano, que mantén a súa liña ascendente, o que lle confire un peso específico cada vez maior dentro dos ingresos municipais.

En materia de gasto, Benestar Comunitario, Vivenda e Urbanismo e Servizos Sociais seguen a ser os grandes protagonistas dentro dos orzamentos dos concellos.

Cabe apuntar que ás cifras que se reflicten neste artigo, habería que engadirlles aquelas funcións que os concellos desenvolven, nalgúns casos, a través das Mancomunidades, Consorcios, Empresas Municipais e Deputacións Provinciais.

Nestes Orzamentos aínda non se poden apreciar os efectos derivados da Lei de Racionalidade e Sostibilidade da Administración Local, aprobada a finais do ano 2013.


OS INGRESOS

Para facer unha análise dos ingresos locais do exercizo 2013, e de cara a ter unha perspectiva máis clarificadora do panorama actual, dividimos as liñas financeiras en catro grandes grupos: Impostos Locais

(onde se inclúen o IBI, o IAE, o IVTM, o ICIO e o IVTNU), Taxas e demais ingresos do Capítulo III, transferencias doutras administracións (no que se inclúen as cifras percibidas polos concellos en

concepto de Participación nos Ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma) e outros ingresos varios (Ingresos Patrimoniais, Alleamento de Inversións Reais e Activos e Pasivos Financeiros).

COMPARATIVA INGRESOS 2011-2013 (En Miles de Euros)



IMPUESTOS LOCAIS

(766,52 MILLÓNS DE EUROS)

Este apartado ven marcado polo incremento do 20% na recadación do IBI urbano dende o ano 2011. No ano 2013, os concellos ingresaron por este concepto 80 millóns máis que hai dous anos.

No lado oposto, hai que destacar que o Imposto de Construcións, que en anos pasados foi unha liña financeira moi importante, especialmente para un grupo de concellos moi determinado, mantén a súa caída iniciada en 2006, ano

no que se contabilizaron por este concepto máis de 100 Millóns de Euros, contía que neste ano 2013 cifrouse en tan só 20 Millóns.

En canto aos restantes Impostos municipais, non hai variacións substanciais con respecto ao ano anterior. O IVTM segue sendo o segundo imposto local con maior poder recadatorio con 131 Millóns de Euros.

TAXAS E DEMAIS INGRESOS DO CAPÍTULO III

(399,55 MILLÓNS DE EUROS)

Os concellos galegos recadan 400 Millóns de Euros por este concepto, dos que a metade (en torno aos 200 Millóns) corresponden ao capítulo para a prestación de servizos públicos básicos, con mención especial para a taxa para a recollida e tratamento de lixo e, en menor medida, á Taxa de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Tamén hai que salientar os 70 Millóns de Euros obtidos en concepto de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local. Neste apartado, inclúese as taxas derivadas do estacionamento e entrada de vehículos, utilización privativa ou aproveitamento especial de empresas explotadoras de servizos de subministro e telecomunicacións e por ocupación da vía pública entre outras.

TRANSFERENCIAS

(946,07 MILLÓNS DE EUROS)

No apartado de Transferencias correntes e de capital, os concellos percibiron un montante total de 950 Millóns de Euros procedentes do Estado, Comunidade Autónoma, Entidades Locais e outros Organismos. Desta contía, algo máis de 500 Millóns de Euros corresponden á Participación nos Ingresos

do Estado e 112 Millóns á Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

No resto das cantidades, cabe destacar as transferencias finalistas recibidas da Comunidade Autónoma para distintos programas de gasto, así como as percibidas das Deputacións Provinciais.


OUTROS INGRESOS VARIOS

(80,26 MILLÓNS DE EUROS)

Neste apartado inclúense os ingresos patrimoniais, alleamento de inversións reais (capítulo que decreceu dun xeito

espectacular nos últimos anos), activos e pasivos financeiros, que suman un total de 80 Millóns de Euros.

O CAMBIO ESTRUCTURAL NOS INGRESOS DOS CONCELLOS



> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

15

> INFORME


Nos últimos anos, o complexo contexto económico tamén afectou dun xeito importante á estrutura dos ingresos dos concellos. Especialmente nos dous últimos anos foron gañando peso de forma importante os Impostos Locais e as Taxas e demais ingresos do Capítulo III.

Neste cambio tivo unha repercusión capital as medidas adoptadas polo Estado en relación ao Imposto sobre Bens Inmóveis, que propiciou un crecemento moi salientable desta liña financeira.

Nos últimos seis anos, os ingresos propios dos concellos galegos incrementaron o seu peso dentro dos orzamentos en dez puntos porcentuais, pasando do 43% do ano 2007 ao 53% de 2013, en detrimento das transferencias (que decreceron en máis de 6 puntos porcentuais neste período temporal) e outros ingresos varios (cunha minoración de 3,5 puntos).

O GASTO

AS 10 ÁREAS CON MAIOR GASTO POR HABITANTE



O gasto reflectido polos concellos galegos na liquidación dos orzamentos no ano 2013 situouse preto dos **2.100 millóns de Euros**, cifra similar á cuantificada no ano anterior.

Para facer un análise máis pormenorizado, dividimos os capítulos de gasto en seis grandes áreas nas que, en todo caso, caberá facer diversas puntualizacións.

Neste estudo do orzamento funcional visualizaremos unha foto global da estrutura das políticas de gasto,

pero temos que ter moi presente que este análise pode ser enganoso cando se realiza de xeito individualizado, dado que a contabilización nas distintas áreas non sempre pode ser precisa, atendendo á natureza de cada gasto, o que de feito, xa deu lugar a interpretacións erróneas en casos concretos dalgúns concellos.

Por elo, e o vindeiro ano, có desenvolvemento pleno da Orde que regula o custo efectivo das entidades locais, é probable que a valoración e as conclusións poderán ser máis certas.

A DISTRIBUCIÓN DO GASTO POR ÁREAS

SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS

(844,87 Millóns de Euros)

A área de Servizos Públicos Básicos, que integra as políticas de gasto de seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente, representa o 40,5% do total dos concellos galegos.

Na análise por programas, o gasto máis elevado o atopamos na recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, integrado en benestar comunitario. Nesta mesma política de gasto tamén destacan saneamento e abastecemento de auga, alumado público e limpeza viaria.

En canto a outros programas de gasto destacados nesta área, hai que engadir a seguridade e orde público (con maior protagonismo nas grandes cidades), urbanismo e vías públicas (integrados na política de gasto vivenda e urbanismo) e parques e xardíns (medio ambiente).

ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL

(241,4 Millóns de Euros)

Na área de Protección e Promoción Social, que representa o 11,57% do orzamento dos concellos, servizos sociais e emprego acumulan máis do 90% do gasto.

Dentro da política de gasto de servizos sociais e promoción social, acción social e atención a persoas dependentes acumulan a maior parte dos 165 Millóns de Euros invertidos neste ámbito. Mentres, en promoción do emprego, a contía global situouse en torno aos 52 Millóns.

PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE

(316 Millóns de Euros)

Sanidade, educación, cultura e deporte son os programas que integran esta área de gasto, que representa o 15,15% do total dos concellos.

Mentres que en educación, o gasto centralízase fundamentalmente nos programas de ensinanza infantil e primaria e

servizos complementarios, en cultura destaca o programa de promoción cultural. No apartado de Deporte, a maior parte do gasto está asignado a instalacións deportivas e promoción e fomento do deporte.

ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO

(150 Millóns de Euros)

Representa o 7,2% do gasto dos concellos, e integran este capítulo as políticas de gasto de agricultura, industria e enerxía, comercio, turismo e PEMES, transporte público e infraestruturas.

A metade do gasto nesta área corresponde a infraestruturas (estradas, camiños veciñais e outras infraestruturas). Tamén podemos destacar promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte (practicamente exclusivo das Grandes Cidades) e os programas de comercio e ordenación e promoción turística.

ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

(377,39 Millóns de Euros)

Nesta área inclúense os servizos de carácter xeral, órganos de goberno, administración financeira e tributaria e transferencias a outras administracións públicas, e representa o 18,10% do gasto total.

Aínda que os servizos de carácter xeral absorben o 63% do gasto desta área, hai que ter en conta neste caso que unha parte importante desta contía debería asignarse proporcionalmente a algúns dos programas anteriormente mencionados.

Tamén ten un especial protagonismo o gasto en administración financeira e tributaria (política económica e fiscal e xestión do sistema tributario, patrimonio, débeda e tesourería).

DÉBEDA PÚBLICA

(155,76 Millóns de Euros)

Esta área representou no ano 2013 o 7,47% do total de gastos dos concellos. Neste apartado contabilízanse os intereses e amortización da débeda pública e demais operacións financeiras de natureza análoga.



INGRESOS DOS CONCELLOS GALEGOS

Comparativa Liquidación de Orzamentos Anos 2012-2013

CONCEPTO	ANO 2012			ANO 2013		
	Importe 2012 (Miles de €)	Euros Habitante	Peso Específico	Importe 2013 (Miles de €)	Euros Habitante	Peso Específico
IBI NATUREZA RÚSTICA	8.215	2,95	0,36%	9.976	3,61	0,46%
IBI NATUREZA URBANO	447.566	160,91	19,67%	476.801	172,38	21,75%
IBI BENS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS (BICES)	24.955	8,97	1,10%	26.066	9,42	1,19%
IVTM	130.670	46,98	5,74%	131.000	47,36	5,98%
IVTNU	29.707	10,68	1,31%	29.525	10,67	1,35%
IAE	75.247	27,05	3,31%	72.657	26,27	3,31%
ICIO	31.404	11,29	1,38%	20.490	7,41	0,93%
Outros Impostos Capítulos I e II	86	0,03	0,00%	48	0,02	0,00%
Taxa pola prestación de servizos públicos básicos	190.158	68,37	8,36%	196.679	71,11	8,97%
Taxa pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente	18.857	6,78	0,83%	18.137	6,56	0,83%
Taxa pola realización de actividades de competencia local	26.260	9,44	1,15%	20.632	7,46	0,94%
Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local	65.818	23,66	2,89%	70.163	25,37	3,20%
Prezos Públicos	20.619	7,41	0,91%	21.444	7,75	0,98%
Contribucións Especiais	2.218	0,80	0,10%	3.208	1,16	0,15%
Ventas	3.726	1,34	0,16%	2.493	0,90	0,11%
Reintegro de operacións correntes	2.457	0,88	0,11%	1.935	0,70	0,09%
Outros Ingresos Capítulo III	65.305	23,48	2,87%	64.858	23,45	2,96%
Transferencias Estado (Incluída PIE)	526.068	189,13	23,12%	563.184	203,61	25,69%
Transferencias da Comunidade Autónoma (Incluído FCL)	255.866	91,99	11,25%	276.842	100,09	12,63%
Transferencias Entidades Locais	81.548	29,32	3,58%	84.017	30,38	3,83%
Outras transferencias (consorcios, empresas privadas...)	23.625	8,49	1,04%	22.024	7,96	1,00%
Ingresos Patrimoniais	22.890	8,23	1,01%	24.202	8,75	1,10%
Alleamento de Inversións Reais	1.706	0,61	0,07%	1.999	0,72	0,09%
Activos Financeiros	2.653	0,95	0,12%	3.084	1,11	0,14%
Pasivos Financeiros	217.392	78,16	9,56%	50.978	18,43	2,33%
TOTAL	2.275.016	817,91	100,00%	2.192.442	792,66	100,00%

> CONCELLOS
GALEGOS

Publicación da
Federación Galega
de Municipios
e Provincias

17

> INFORME

GASTO FUNCIONAL DOS CONCELLOS GALEGOS

Liquidación Orzamentos Ano 2013

	Menores 5.000 Hab (€/Hab)	Entre 5.000-20.000 Hab (€/Hab)	Entre 20.000-50.000 Hab (€/Hab)	Máis 50.000 Hab (€/Hab)	TOTAL (€/Hab)	TOTAL (Euros)
POBOACIÓN 2013	454.122	881.548	431.358	998.912	2.765.940	
Nº CONCELLOS	202	91	15	7	315	
Débeda Pública	34,29	46,15	47,43	79,13	56,31	155.759.865,44
Seguridade e Mobilidade Cidadá	17,32	39,16	46,90	100,31	58,86	162.816.636,57
Vivenda e Urbanismo	49,56	56,00	62,94	86,28	66,96	185.210.270,53
Benestar Comunitario	160,10	148,76	141,94	170,59	157,44	435.472.950,00
Medio ambiente	12,26	16,08	22,48	31,97	22,19	61.370.931,36
Pensións	6,15	4,75	2,10	0,00	2,85	7.887.419,85
Outras Prestacións Económicas a Favor dos Empregados	0,92	2,12	6,55	10,41	5,61	15.503.121,95
Servizos Sociais e Promoción Social	77,11	62,82	48,05	54,46	59,84	165.524.057,22
Fomento do Emprego	22,22	16,82	16,67	20,37	18,97	52.457.643,07
Sanidade	3,38	3,01	2,27	5,29	3,78	10.450.863,24
Educación	39,52	31,72	45,13	27,68	33,63	93.030.000,50
Cultura	33,30	39,72	34,38	56,76	43,99	121.663.186,61
Deporte	20,56	32,29	47,75	32,40	32,82	90.765.252,61
Agricultura, Gandería e Pesca	1,00	1,16	0,44	0,00	0,60	1.668.067,26
Industria e enerxía	6,25	1,00	0,20	0,10	1,41	3.896.494,31
Comercio, turismo e PEMS	4,06	9,55	8,68	13,86	10,07	27.852.715,72
Transporte público	0,65	1,27	1,36	35,90	13,68	37.850.511,87
Infraestruturas	70,38	28,12	16,44	10,62	26,92	74.454.359,03
Investigación, Desenvolvemento e Innovación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	600,00
Outras Actuacións de Carácter Económico	0,34	2,23	2,26	1,23	1,57	4.332.896,11
Organos de Goberno	17,31	17,40	16,64	18,39	17,63	48.753.944,91
Servicios de Carácter Xeral	147,72	73,75	66,85	75,85	85,58	236.695.980,99
Administración Financeira e Tributaria	9,78	27,88	28,14	32,77	26,71	73.886.932,01
Transferencias a outras Administracións Públicas	6,48	5,19	1,09	10,08	6,53	18.056.975,75
TOTAL	740,64	666,94	666,69	874,45	753,94	2.085.361.676,91

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e elaboración propia

Nota: Os concellos de Oza e Cesuras aínda non aparecen fusionados neste orzamento